Cytisus striatus (Hill) Rothm., 1944

- xesta molar, x. mansa, x. castiza
- escobón morisco, piorno, escoba
- isatsa
- escoba negral, retama amarilla, retama de escobas
- portuguese broom
- giesta-amarela, giesteira-das-serras, giesta



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Cytisus***

ORIXE

Metade occidental da Península Ibérica e do noroeste de Marrocos.

CARACTERÍSTICAS

Arbusto de folla caduca, ramificada, de 1-3 m de altura. Os talos presentan capacidade fotosintética. Presentan pólas cilíndricas, estriadas, con 8-10 ángulos; as novas seríceas e as adultas glabras. As follas son trifoliadas ou simples, pecioladas coa idade, folíolos estreitamente oblanceolados a estreitamente lanceolados, seríceos ou pilosos inferiormente. A follaxe é máis abundante nos extremos exteriores das pólas en crecemento activo. As flores son amarelas, solitarias, raramente en tríos. Prodúcense na axila das follas en pedúnculos de 5 a 10 mm de longo. O froito é un legume (15-40 mm de longo) cuberto densamente por pelos esbrancuxados e que contén un número variable de sementes.

HÁBITAT

Zonas secas e solleiras da Península Ibérica, medrando en bosques abertos e matogueiras, así coma en campos abandonados e noiros con solos silíceos e ácidos.

DISTRIBUCIÓN

Península Ibérica, noroeste de Marrocos, Reino Unido, Francia e América.

CURIOSIDADES

As súas sementes teñen unha cuberta dura que atrasa a xerminación durante anos, o que lle permite colonizar rapidamente novos terreos.